# O ARCEBISPO RAJOY E A ILUSTRACIÓN[1]

**Xesús Andrés López Calvo**

## 1. TRAZOS XERAIS DA ILUSTRACIÓN

Nun espacio de tempo de pouco máis dun século, entre a revolución liberal inglesa (1668) e a Revolución Francesa (1789), vaise producir nalgúns países de Europa un movemento polivalente que suporá unha fonda mutación nas estructuras do *Antigo Réxime*, tanto nos seus aspectos económicos, sociais e políticos, coma nos científicos, culturais e relixiosos. É o *Século das Luces* que describe unha época caracterizada pola iluminación, a comunicación dos saberes, onde atreverse a pensar é a expresión da chegada a unha maioría de idade da razón, dunha razón capaz de pensar por si mesma, sen a titoría do outro. Malia as diferencias e as peculiaridades propias dos diversos países, cómpre recoñecer que a Ilustración amosa unha serie de temas rectores comúns. Ímolos enumerar.

En primeiro lugar o tema da natureza, que vai perdendo os seus vestixios teolóxicos e relixiosos; dende agora, a natureza experimenta un proceso de secularización (proceso presente por primeira vez en David Hume). En consecuencia, o mundo natural verase privado da presencia e da funcionalidade outorgada ao Deus tradicional e, no seu lugar, a natureza aparece como o ámbito propio da investigación para o ser humano, quen tenta coñecela e adecuala ás súas finalidades e intereses.

En segundo lugar, e en estreita relación co anterior, está o tema da razón; pero non se trata dunha razón racionalista ou dotada de contidos inmanentes ao estilo cartesiano, senón dunha razón sempre referida, rexida e controlada pola experiencia (ao estilo de Francis Bacon ou John Locke quen defenderon que o coñecemento no era innato, senón que proviña da experiencia e da observación conducidas pola razón).

En terceiro lugar, como punto de converxencia e de inserción dos momentos anteriores, xorde o tema do home, do ser humano, pero xa non enmarcado dende unha concepción clásica deseñada pola antropoloxía medieval cristiá e prolongada a través do Renacemento, senón dunha concepción conforme á orientación positivista e tecnificada do saber: saber para prover. Unha idea moi vinculada ao progreso que implica, dentro da racionalidade, acadar unha serie de obxectivos

1. Texto da conferencia pronunciada polo autor en Pontedeume o 24 de maio de 2002, no Salón da Fundación "Caixa Galicia" e organizada polo Ateneo eumés "Fernán Martís".

necesarios para ter unha vida feliz: fomento da divulgación dos coñecementos técnicos, o estímulo do pensamento crítico, a mellora da agricultura, das vías de comunicación e do comercio, a implantación dun sistema educativo baseado na tolerancia e a reivindicación dunha emancipación do absolutismo político, de tal xeito que o ser humano vai deixar de ser un súbdito (*subditus*) para se converter nun cidadán (*cives*)[2].

### 1.1 A Ilustración en España

En España a Ilustración aparece de forma asincrónica e illada respecto a outros países europeos. Máis situada na periferia de Europa, esas "luces" penetraron a comezos do XVIII gracias, de maneira especial, á obra dun galego: Frei Benito Xerónimo Feixó, quen co *Teatro crítico universal* (1739), en nove tomos, e as Cartas eruditas (1750), en cinco máis, tratou de recoller todo o coñecemento teórico e práctico da época.

Autores foráneos e mesmo do mapa peninsular cuestionan, cando non a desprestixian ou simplemente negan, a existencia da Ilustración en España. No primeiro tercio do século XVIII a voz de Diego Torres Villarroel –que acabaría sendo catedrático de matemáticas na Universidade de Salamanca- revisa o proceso histórico da decadencia española dende finais do século XVI e precisa que o problema de España é precisamente a europeización. Logo de seguir o rumbo da Contrarreforma e do illamento, a reflexión toma un pequeno cambio de rumbo a través dunha minoría crítica e disidente que se inicia no XVII con Reinaldo González de Montes, Cristóbal de Mesa, Sancho de Moncada, Baltasar Gracián e outros, e continúa no século XVIII co propio Benito Feijoo, Martín Sarmiento, Campomanes, Jovellanos, etc... mais sempre sen cuestionar as institucións (Altar e Trono), e limitándose a descubrir os problemas e a propor determinadas reformas (utopicamente, é dicir, a iniciar dende arriba). En definitiva, facían unha aceda crítica dos abusos, pero non dos sistemas nin das institucións.

O desprezo e/ou esquecemento pola Ilustración en España rexístrase tamén en historiadores eruditos españois de renome. Segundo Menéndez Pelayo a Ilustración fixo a súa aparición en España como se se tratase dunha epidemia contaxiosa dos bárbaros do norte, de tal modo que o século XVIII non vén ser máis que a ruín e tristísima consecuencia da presencia de doutrinas alleas. E mesmo historiadores de creto intelectual, como Américo Castro e Claudio Sánchez Albornoz, coas súas pescudas saltaron a época da Ilustración, ao tratar de configurar os trazos esenciais do ser "español eterno"[3].

Nembargantes, hai que recoñecer que hoxe ningún historiador esixente pon en dúbida a máis estricta ortodoxia dos ilustrados españois. Aínda máis, se algo resulta esclarecedor nos ensaios e monografías que sobre a mentalidade colectiva da Ilustración hispana se fixeron e editaron é que non se produce un fenómeno decididamente secularizador, senón máis ben todo o con-

2. Cf. X. L. BARREIRO BARREIRO, *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, A Coruña, Baía Edicións, 17-21.

3. Cf. *Ibid*., 24.

trario: a virulencia diante de determinados planeamentos e conflictos fai aflorar a profundidade do sentimento relixioso dos ilustrados españois[4].

### 1.2 Os ilustrados galegos

Galicia conforma a periferia da periferia, é dicir, se España é a periferia europea o noso país vaise comportar como unha periferia dentro do conxunto dos reinos hispánicos. O problema agudízase, aínda máis, se dende o panorama español descendemos ao marco concreto de Galicia, porque se a Ilustración en España non presenta un cadro resplandecente por canto nela non se ofertou ningunha perspectiva compensadora, isto é: nin unha revolución gloriosa como en Francia, nin unha revolución cultural como en Alemaña, nin a adquisición dunha primeira potencia comercial como en Inglaterra, nin o achado dun estado nacional economicamente florecente como en Prusia; moito menos cabe agardar, en principio, do movemento ilustrado en Galicia. Non obstante, cómpre afirmar que en Galicia houbo pensamento ilustrado e ilustrados, se ben as ideas características da Ilustración manifestáronse cunha determinada demora.

Partindo xustamente dunha situación de atraso e deficiencias no agro, na industria, nas técnicas de pesca, no comercio, nas redes viarias e nos sistemas educativos, os ilustrados galegos, acollendo ideas recibidas alén das súas fronteiras, procuran ofrecer solucións pragmáticas –aínda que non de xeito uniforme- aos problemas cos que se enfrontaba a sociedade do seu tempo. Forman parte da nómina de ilustrados: Martín Sarmiento (1695-1772)[5], Francisco Armanyà i Font (1718-1785)[6], Xoán Francisco de Castro Fernández (1721-1790)[7], Antonio Páramo Somoza (1731-1786)[8], Xosé Cornide Saavedra y Folgueira (1734-1803)[9], Antonio Raimundo Ibáñez Gastón y Valdés

4. Cf. T. EGIDO, "La religiosidad de los ilustrados", en R. MENÉNDEZ PIDAL, *Historia de España. La época de la Ilustración. El estado y la Cultura (1759-1808),* Vol. 31, Madrid, Espasa Calpe 1992[3], 397-435.

5. Cf. J. L. PENSADO TOMÉ, *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo, Santiago,* Xunta de Galicia 19952. Tamén: X. FEIXÓ, *Ilustrado frei Martín,* "La Opinión" (Edición única, 17.05.2002) 54. As súas *Memorias* sitúanse no epicentro dos problemas que preocupaban aos ilustrados. En toda as súas obras predomina un estilo utilitario para a sociedade e un espírito racionalista. Cando Rajoy estaba comisionado en Madrid por asuntos do Cabido de Santiago, Frei Martín Sarmiento vivía no mosteiro de San Martiño de Madrid. Cando este fai a súa terceira viaxe a Galicia (1754-55), a máis longa e derradeira, Rajoy é o arcebispo da mitra compostelá.

6. Bispo de Lugo contemporáneo a Rajoy. En 1785 foi nomeado arcebispo de Tarragona. Relixioso agostiño manifestou unha importante actividade na realización de obras, tanto na catedral como no convento de Sarria. É un dos principias animadores da constitución da Sociedade Económica de Lugo, onde outro eclesiástico, Antonio de Lence, Chantre da Catedral de Lugo, foi o seu primeiro secretario. Cf. *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, S. Cañada Editor 1974, vol. 2, 190.

7. Avogado da Real Audiencia de Galicia e cóengo na Catedral de Lugo, cidade de onde era natural, impulsor da Sociedade Económica dos Amigos do País, escritor de manuais sobre leis e economía. Parece ser que estivo proposto para a mitra de León que non aceptou. Cf. F. DOPICO, "Castro Fernández", en *Gran Enciclopedia Gallega*, o.c. Vol. 6, 6.

8. Crego e xurista, natural de Ferreira de Pantón (Lugo) foi, con outros personaxes ilustres da cidade, fundador da Sociedade Económica de Amigos do País en Santiago. Rector da Universidade de Santiago entre 1771-1786. Foi proposto en 1785 a bispo de Lugo mais morre antes de ser consagrado. Cf. S. GRAÍÑO KNOBEL, "Páramo y Somoza", en *Gran Enciclopedia Gallega*, o.c., Vol. 24, 19.

9. Investigador coruñés, rexedor perpetuo de Santiago, director do Montepío da Pesca, académico numerario da Historia, erudito autor de moitos ensaios sobre o aproveitamento dos recursos económicos de Galicia. Cf. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, "Cornide Saavedra", en *Gran Enclopedia Gallega*, o.c., Vol. 4, 152-153. Compuxo intersantes libros das

(1749-1819)[10], Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806)[11], Francisco Xabier Somoza de Monsoriu (?-1809)[12], Lucas Xosé Labrada (1762-1842)[13]. No seu conxunto amosan unha serie de ideas innovadoras e, no caso de se levar á práctica, liberadoras ou emancipadoras dos males que afectan á sociedade do seu tempo. Certo que as solucións propostas non supoñen nin unha ruptura, nin un enfrontamento aberto coa estructura do Antigo Réxime. A mesma orixe social dos ilustrados impedíalles, dunha banda, calquera tipo de revolución violenta, e doutra, unha toma de conciencia realista sobre a estratexia a seguir: só dende arriba, é dicir, desde os poderes instituídos e establecidos era posible a traducción operativa dos seus proxectos; dun xeito global abranguían as seguintes frontes de reforma: reforma agraria, fomento da industria, impulso do comercio, melloras na rede de comunicación, dignificación dos oficios coñecidos como viles e reforma educativa.

Os ilustrados galegos, aínda que non son moitos, si son especialmente activos. Dirixíronse en numerosas ocasións á Coroa presentando estudios sobre o comercio, a agricultura, a gandería, a navegación no río Miño, ás vías de comunicación, etc. O seu labor estendeuse tamén á fundación de academias e sociedades: a Academia de Agricultura do Reino de Galicia (que responde ao típico espírito ilustrado de confianza cega no poder da educación para transformar o mundo), a Real Academia da Historia, as Sociedades Económicas de Amigos do País ou o Real Consulado Marítimo.

## 2. O ARCEBISPO RAJOY NA ILUSTRACIÓN

Sabemos que Rajoy foi unha das figuras máis importantes e destacadas na historia local eumesa e na eclesiástica de Compostela no século XVIII. ¿Foi tamén figura do movemento ilustrado? Imos tentar acadar unha conclusión.

súas viaxes por Galicia como por exemplo: *Observaciones de un viaje de Puentedeume a Villalba y Por Caaveiro a las Puentes.*

10. Fundador das fábricas de fundición e louza en Ribadeo e Cervo. Nacido en Asturias en 1734 trátase duna das figuras máis interesantes que presenta Galicia a finais do século XVIII. Aínda que algúns autores o consideren baixo o adxectivo de liberal máis que do de ilustrado, nada impide a súa extraordinaria configuración. Morreu violentamente nas rúas de Ribadeo acusado de afrancesado. Cf. E. MERINO LOSADA, *Grandeza y servidumbre de la Ilustración,* en "Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses", 47-48 (1992-1993) 95-112.

11. Natural de Curtis (A Coruña). Cóengo na Catedral de Santiago, pertence ao grupo de economistas galegos preocupados pola realidade socioeconómica de Galicia. Funda con Páramo y Somoza a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Cf. M. RODRÍGUEZ GARRIDO, "Sánchez Vaamonde", en *Gran Enciclopedia Gallega*, O.c., Vol. 27, 238-239.

12. Non sabemos con certeza a súa cronoloxía. Sabemos que era natural de Maianca (Corme-A Coruña), que foi avogado na Real Audiencia da Coruña e señor da Casa de Mera (Oleiros). Escritor ilustrado en temas de reforma do Dereito e da Administración. Xunto con Xosé Cornide e Francisco de Castro, son os xenuínos representantes da xeración de Campomanes. Cf. F. DOPICO, *A Ilustración e a sociedade galega,* Vigo, Xerais, 1978. Tamén: X. M. PÉREZ GARCÍA, "Edad Moderna", en J.C. BERMEJO-M.C. PALLARES E OUTROS (EDS.), *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra 1981, 217-219.

13. Ferrolán de nacemento non procedía da fidalguía como a maior parte dos ilustrados galegos. É autor da obra *Descripción económica del reino de Galicia*. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Economistas gallegos del pasado 1700-1900*, en "Información Comercial Española", num. 354, 1953.

### 2.1 Un apunte biográfico e cronolóxico

Naceu en Pontedeume, arciprestado de Pruzos e diocese de Santiago, o día 24 de agosto de 1690. Era fillo de Nicolás Rajoy e Dominga Fernández de Losada. Os seus avós por liña paterna eran Antonio Rajoy Vallejo e Isabel Fernández de Buio, naturais de Padrón e Pontedeume respectivamente, e por liña materna Antonio Fernández Losada e Francisca Fernández de Fraga, naturais de San Salvador de Maniños e San Xurxo de Moeche respectivamente. O seu pai era oriúndo de Valga (Pontevedra) e descendente de Juan Ares de Rajoy e de Aldonza de Rajoy, tamén de San Miguel de Valga, así como de don Antonio de Rajoy que fundara o morgado dos Gago, de Pontevedra, e de Dª María de Rajoy que á súa vez instituíra o morgado de Dodro que logo recaeu no cabaleiro de Santiago e xentilhome de Carlos II, don Carlos de la Torre e Soutomaior. Tamén tiña o arcebispo algún parentesco cos Pita e Montenegro da comarca ortigueiresa[14]. O seu avó materno procedía de San Salvador de Maniños, e a súa avoa de San Xurxo de Moeche[15].

Bautizouse na igrexa parroquial de Pontedeume ao día seguinte do seu nacemento, fixeron de padriños os seus tíos Francisco Menaya e Francisca Fernández Losada.

Estudiou gramática na Cátedra de Latinidade de Pontedeume. Ao chegar a idade dos estudios superiores trasladouse a Santiago onde fixo Filosofía no Colexio de San Xerome e Artes no de Fonseca. Ao rematar ingresou na Facultade de Dereito da Universidade[16]. Obtido o bacharelato en Leis, establécese na pasantía da Coruña onde se gradúa de avogado pasando a traballar na Real Audiencia da mesma cidade. Alí compila, se cadra para o seu uso persoal, un índice de cuestións xurídicas que ocupa 746 folios, aínda que non chega máis que ata a letra F. Consérvase no Arquivo da Catedral compostelá[17]. Pouco tempo despois deixou o foro e pasou á carreira eclesiástica. Ordenouse sacerdote en Santiago en 1724. Fixo oposicións á coenxía de penitenciario da Catedral de Ourense gañándoa; uns anos máis tarde, opositou á coenxía de doutoral de Lugo con idéntico resultado, alí tamén foi arcediago de Sarria, provisor e vicario xeral do bispado.

En 1730 opositou á coenxía de penitenciario de Santiago, pero non a acadou. En 1734 vacante a doutoralía desta catedral, animado polo propio cabido catedral, volveu a opositar e nesta ocasión gañouna xa na primeira votación; dende entón a súa vida estivo primariamente dedicada á Igrexa. Ao longo dos anos que desenvolveu a doutoralía non houbo asunto capitular e mesmo diocesano no que non interviñese con competencia e eficacia.

14. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña,* Madrid, Everest 1986, 284.

15. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela,* Santiago, Imprenta do Seminario Conciliar Central 1905, Tomo X, Cap. V.155-199. Tamén: J. J. CEBRIÁN FRANCO, *Obispos de Iria Flavia y Arzobispos de Santiago,* Santiago, Axencia Gráfica 1997, 243, nota.

16. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Obispos procedentes de la Universidad compostelana. Con ocasión de su V Centenario*, en "Compostellanum" 41 (1996) 1-2, 179-213. Tamén: S. CABEZA DE LEÓN, *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela,* Volumen I, Santiago 1945, 527.

17. Este traballo, realizado –como se fai constar no título da portada *in corunensi urbe*-, demostra unha capacidade intelectual asombrosa. Por estas datas Rajoy contaba tan só con vinte anos de idade.

Residiu en Madrid durante algún tempo representando á Igrexa compostelá nos moitos asuntos que tiña pendentes en Cortes. En 1741, un dos anos da súa estadía en Madrid actúa como fundador e consiliario da Confraría de Naturais e Orixinarios de Galicia en Madrid, antecedente histórico do actual Centro Galego de Madrid[18]. Durante as sés vacantes que seguiron á morte dos arcebispos Xosé del Yermo Santibáñez (1728-1737) e Manuel Isidro Orozco (1738-1745) gobernou a Diocese como vicario capitular; non o fixo á morte do seu antecesor, Caetano Gil Taboada (1745-1751), porque no mes de agosto de 1750 Fernando VI nomeárao comisario xeral da Bula de Cruzada, cargo incompatible pois obrigábao a residir en Madrid.

A sorpresa chega a Santiago cando o día 22 de xuño de 1751 se recibe carta de Rajoy comunicando á súa Igrexa de Compostela que fora presentado para ser o seu arcebispo. Isto naquela época era moi desacostumado, pois nunca se nomeaba un presbítero para ser arcebispo, e menos da sé compostelá; ademais era un fillo da propia arquidiocese e un membro do seu clero. O papa Benedicto XIV convocou un consistorio extraordinario co único obxectivo de confirmalo como arcebispo. O 15 de agosto de 1751 tomou posesión por poder dado ao deán Policarpo de Mendoza, e logo dunha longa viaxe de varios meses con paradas en Zamora e Lugo fixo a entrada solemne en Compostela o 9 de maio de 1752, solemnidade da Santísima Trindade[19].

Con 82 anos de idade Rajoy morre o venres 17 de xullo de 1772 ás tres da tarde. Frei Juan de Ocampo, natural de Pontedeume e frade agostiño que chegaría a ser provincial da súa orde, pronunciou o panexírico no seu funeral. O seu texto reprodúcese no apéndice deste traballo[20]. O seu corpo espera a resurrección na capela da comuñón da catedral de Santiago, mausoleo do arcebispo compostelán Lope de Mendoza  reconstruído polo propio Rajoy en 1770. Celebráronse solemnes funerais na súa memoria; o primeiro, organizado pola familia do defunto, tivo lugar na catedral de Santiago, nel predicou o relixioso franciscano Pedro Sarmiento; o segundo celebrouse o 26 de agosto de 1772 e foi patrocinado polo cabido catedral, quen encargou o sermón ao frade agostiño Juan Ocampo. Tamén Pontedeume quixo honrar a súa memoria e Concello, clero e pobo organizaron honras fúnebres que tiveron lugar o 4 de novembro de 1772. Os textos destes sermóns están impresos e convertéronse en curiosas fontes para o coñecemento do noso persoeiro[21].

18. Unha das súas misións principias era a de celebrar na Vila e Corte a festa do Apóstolo Santiago (25 de xullo), Patrón de Galicia e das Españas, pero no fondo o labor máis constante e duradeiro foi o de manter en contacto a todos os galegos de Madrid para que se axudaran uns aos outros e xuntos apoiar diante das autoridades do poder central aqueles asuntos que afectaban a Galicia. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ. *Historia de Galicia,* A Coruña, La Voz de Galicia, 1980, 425-426.

19. Cf. A. PADÍN PANIZO, *El Arzobispo Rajoy, en su tercer centenario,* "ABC" (Edición de Madrid, 25.06.1990).

20. Cf. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, "Rajoy y Losada", en *Gran Enciclopedia Gallega,* o.c., Vol. 64-65.

21. O texto do sermón de Pontedeume foi impreso en Santiago polo impresor Ignacio Aguayo. O seu título era o seguinte: *Los pobres sin esperanza. Oración fúnebre a las funerales exequias, que la mui Ilustre, Leal y Noble Villa de Puente de Eume celebró a la dulce memoria de su Insigne Hijo El Ilmo. Señor D. Bartolomé de Rajoy y Losada, Dignísimo Arzobispo, i Señor de Santiago. Dicha por el P. Fr. Alverto de Fentanes, Predicador apostolico, Misionero en los reinos, i Provincias del Perú, de la regular Observancia de N.P.S. Francisco, el dia 4 de Noviembre de 1772.* Forma un folleto en cuarto, en rústica, dunha folla máis 28 páxinas, a última en branco. Suprimidos os preliminares, ábrese o texto cunha letra capital ornada rematando en coroa ducal. O P. Fentanes era natural de Caldas de Reis (Pontevedra) e residía na comunidade de Ferrol, onde morreu no ano 1775. Ao inicio do discurso trata de ser patético e conmovedor, cun estilo moi barroco

Logo da súa morte producíronse loitas intestinas entre membros do Cabido e algún parente achegado, por un suposto tesouro de xoias e ouro que Rajoy seica fora amoreando ao longo do seu pontificado. Todo foi pura invención, aínda que estas loitas deron lugar á apertura de informacións e expedientes que duraron moitos anos; son os documentos denominados *Espolios del Sr. Rajoy* que aínda se conservan nos fondos do arquivo da catedral compostelá. No remate os tesouros convertéronse en algunhas moedas soltas de ouro e 37 arrobas de chocolate, desta doce lambetada si que foi Bartolomé Rajoy un verdadeiro adicto. As acusacións contra os dous sobriños de Rajoy -os irmáns Moreira Montenegro-, por *"cuya cuenta se cargaron dos baúles en un macho de maragato"*, quedou ao fin en nada, e aquelas lendas de fabulosos tesouros ocultos pronto se esqueceron[22].

### 2.2 O contexto político-social

Nos tempos da Ilustración Galicia estaba considerada unha única rexión para os efectos do poder central: na Xustiza a *Real Audiencia do Reino de Galicia*, e no Exército e Goberno a *Capitanía Xeral de Galicia* estendían a súa xurisdicción sobre o territorio galego. Dende a súa fundación, alá no século XV polos Reis Católicos, o poder central mantivo a consigna de non nomear a ningún galego para dirixir calquera das dúas institucións que tiñan a súa sede na Coruña. A totalidade das sete provincias tan só tiña un único voto en Cortes co que acentuaba unha anómala situación político-administrativa[23].

Son tempos dun crecemento demográfico importante. En 1700 había en Galicia un millón cen mil habitantes, un millón trescentos mil en 1750 e millón e medio en 1800. A densidade media de poboación era de 50 habitantes/km2. Trátase dunha poboación moi ruralizada, máis do 80% era labrega, non é logo de estrañar que os ilustrados se preocuparan da mellora das condicións de existencia desta clase social; só cabe conceptualizar como urbana un 5% da poboación. No pontificado de Rajoy Compostela ten 16.000 habitantes, A Coruña (en forte expansión) 14.000, Ferrol pasa en dous anos de 250 habitantes a 15.000 por mor dos obreiros que traballaban na construcción dos novos arsenais e estaleiros, Lugo chega ós 4.000 e Ourense os 3.000; en calquera caso ningunha supón unha grande cidade. Se ben é certo que en tempos de Rajoy (mediados do século XVIII) as actividades industriais e os intercambios rexistran un pulo importante, as bases da Galicia campesiña e rendeira a penas sofren modificacións. Casteláns, rioxanos, asturianos, vascos e catbaláns invaden cidades e vilas de Galicia dedicándose ao comercio do liño, dos panos, do coiro, do ferro

propio da oratoria do seu tempo. Tanto o discurso de Fentanes como o de Ocampo, que reproducimos no apéndice documental, fálanos da inmensa caridade de Rajoy. Un exemplar deste folleto atópase nos fondos da Biblioteca Nacional de Madrid. Cf. G. PLACER LÓPEZ, *Oración fúnebre, a la muerte de Don Bartolomé Rajoy y Losada,* en "Alfoz" (Mayo 1990) 2.

22. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, O.c.,155-199. Francisco Antonio e Tomás Moreira Montenegro eran netos de Ciprián Moreira e María Fernández de Losada, irmá de Dominga Fernández de Losada, nai de Bartolomé Rajoy. Tomás Moreira será párroco de Pontedeume antes de ser cóengo en Santiago. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, Pazos y Linajes...*, o.c., 284. Unha irmá dos cóengos Moreira Montenegro casou con Francisco del Río Losada, dono do pazo de Fonteneixe en Boiro (A Coruña).

23. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.*, 418-419.

e mesmo da sardiña. Trátase dunha nova burguesía que, aínda que en principio non estaba vinculada ás estructuras do *Antigo Réxime*, axiña se integra nos grupos rendeiros[24].

A Igrexa aparece como a principal receptora do excedente agrario, pois correspóndenlle os dous tercios do total de foros e décimos; o outro tercio ía parar á nobreza. É por isto que, contrariamente ao que acontece nestas datas noutros reinos de occidente como Francia, en Galicia os cabidos catedrais mantéñense como institucións vigorosas e prestixiosas ao longo de todo o século XVIII.

Os ingresos dos rendeiros medraron a bo ritmo no século XVIII non tanto porque aumentasen as cantidades de gran que ían ás súas arcas, senón porque aumentaron, principalmente na segunda metade de século, os prezos agrarios.

A fidalguía era o sector máis poderoso de entón e nota un acusado proceso de urbanización, o que motiva a construcción de residencias, cidades e vilas sen descoidar as mansións campestres. Os seus membros dedícanse aos estudios eclesiásticos e xurídicos (a finais de século derívanse á carreira militar), póñense de moda os faladoiros que esixen o dominio de códigos sociais descoñecidos polo fidalgo rural. Neste contexto de necesidade xorde na década de 1760 o Colexio da Ensinanza en Santiago destinado, en principio, á formación de fillas de familias fidalgas e do que na súa fundación Rajoy terá unha achega decisiva como máis adiante sinalaremos[25].

### 2.3 O contexto relixioso-eclesial

¿Cómo era o ámbito relixioso no que se move a traxectoria eclesiástica de Rajoy? A Igrexa de Galicia, presidida pola Metropolitana compostelá, tiña unha estructura e composición medieval: cinco bispados galegos mais o de Astorga, cun total de 3.740 parroquias. En calquera caso era unha das máis ricas de España pois figuraba en terceiro lugar entre as igrexas metropolitanas españolas; primeiro estaba Toledo, cunha renda de tres millóns e medio de reais; logo estaba Valencia, cun millón oitocentos mil reais e, finalmente, Santiago con millón e medio. Unha das súas principais fontes de ingresos era o Voto de Santiago, un imposto que tiñan que pagar todos os labregos das terras reconquistadas ós árabes en ámbalas dúas Castelas, Andalucía, Estremadura e Murcia. Evidentemente este imposto deu lugar a unha serie de preitos cos campesiños por consideralo oneroso e sen fundamento[26].

Abundan os testemuños, sobre todo de leigos, que manifestan a existencia dunha nova con ciencia verbo da mentalidade relixiosa que se consagrara en Trento[27]. Un dos tópicos omnipresen-

24. Cf. O. REY CASTELAO, *Estructura y evolución de una economía rentista del Antiguo Régimen: La Mitra Arzobispal de Santiago,* en "Compostellanum" 35 (1990) 459-488.

25. Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, "Galicia en los siglos XVI-XVIII. Contexto histórico", en *Catálogo da exposición Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1991, 238-239.

26. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.,* 480.

tes na reflexión ilustrada sobre a Igrexa é a arela por retornar á antiga disciplina, unha constante de todo movemento reformista, pero máis intenso na España do século XVIII. A utopía da cristiandade primitiva foise aquilatando ata identificala coa época da Igrexa visigótica; nela, e na praxe dos concilios de Toledo, atoparon a mellor referencia as correntes episcopalistas para xustificar a ideoloxía regalista e corrixir os abusos do intervencionismo curial de Roma. Se algo resulta evidente para os ilustrados neste planeamento retrospectivo é a necesidade de adecuar a Igrexa ao modelo visigótico e antigo na moderación dos seus recursos materiais e na renuncia a todo tipo de poder político-xurisdiccional, bases dos futuros proxectos desamortizadores e do sistema regalista[28]. Neste soño dunha Igrexa nacional conflúen mentalidades moi dispares; todos coinciden nunha hostilidade verbo da curia romana, na defensa da autonomía de xestión episcopal. As instancias gobernamentais perseguían a subordinación dos bispos á xurisdicción rexia e trataron de instrumentalizalos co fin último de potenciar o poder real. Falouse moito do bispo, trazáronse signos idealizados da súa figura e función, pero na práctica a penas podían organizar a vida da súa diocese sobre iniciativas que non partiran do aparato gobernamental tan empeñado en desvincular ao pastor da curia como en convertelo en funcionario –eso si, privilexiado- do monarca[29].

Outro tópico a reformar foi o da reducción de continxentes humanos. A finais do século XVI había en Galicia 3.100 cregos seculares, e a finais do século XVIII este grupo pasou a estar composto por uns 10.300 dos que unha parte importante se concentraba nas vilas e cidades, particularmente ao redor das catedrais e colexiatas; á cabeza de todos eles estaban os bispos das cinco sés galegas. A mitra compostelá era, con diferencia, a máis importante de todas e xa sinalamos a contía das súas rendas. O destino de parte destes ingresos era o mantemento do aparato institucional e administrativo, as contribucións que debían facerse á Coroa, as achegas para fins de carácter social e asistencial e o impulso de determinadas obras e iniciativas.

A finais do século XVIII nas cinco catedrais galegas contabilízanse 121 cóengos, 48 racioneiros, 10 beneficiados, 109 capeláns e máis de centenar e medio de sancristáns, acólitos e serventes. A estes oficios e beneficios hai que lles sumar os integrados nas doce colexiatas existentes en Galicia: uns 50 cóengos e uns 41 beneficiados, aos que hai que engadir un curto número de serventes; este clero prebendado supoñía ao redor da cuarta parte do colectivo. As outras tres cuartas partes, uns 7.600 aproximadamente, eran un auténtico caixón de xastre onde se atopan dende párrocos capaces de soster na súa casa media ducia ou máis de criados, ata capeláns que subsistían cunhas rendas moi exiguas e clérigos de menores que vivían como se fosen segrares.

27. Por citar algunhas: artigos do periódico *El Censor*; a polémica de Diego José de Cádiz con Normante; a reiterada idea de Campomanes de que os ministros non son a Igrexa senón unha parte e membros dela; Bolifón (un leigo) e o seu ensaio sobre a oratoria sagrada, etc. Cf. A MESTRE, "La reforma de la predicación en el siglo XVIII", en ID., *Ilustración y reforma de la Iglesia. Pensamiento político-religioso de don Gregorio Mayans y Siscar (1699-1781)*, Valencia, 1968, 296-298.

28. Cf. J. SAUGNIEUX, *La Ilustración católica en España. Escritos de D. Antonio Tavira, obispo de Salamanca (1737-1807)*, Salamanca 1986.

29. Cf. T. EGIDO, *O.c.*, 409.

O clero regular tiña unha presencia menor. Das ordes mendicantes os franciscanos tiñan unha presencia e influencia superior. Os seus conventos caracterizáronse pola súa situación en núcleos urbanos, por un estilo de vida sobrio e condicionado pola percepción de esmolas e rendas en fundacións, pola procedencia maioritariamente galega dos seus membros e pola súa extracción social modesta. Os conventos femininos eran escasos en número e relixiosas; cara ao ano 1800 contabilízanse en Galicia 25 conventos con 533 monxas, mentres que as institucións monásticas en conventuais masculinas eran 72 e albergaban a uns 2.300 relixiosos.

Segundo a información recollida no *Catastro de Ensenada* a mediados do século XVIII, van a parar a mans eclesiásticas case o 91% das rendas decimais, un 45% das rendas forais, un 60% das rendas censuais, xuros e outros dereitos e a totalidade dunha renda específica fundamental para o arcebispo e cabido composteláns como era o *Voto de Santiago*[30]. O poder xurisdiccional do clero era fundamentalmente político e consistía no nomeamento ou confirmación dos cargos do goberno local, entre eles os de administración de xustiza a excepción das atribucións da Real Audiencia de Galicia.

Neste contexto a reforma do clero, tanto do secular coma do regular, presentábase como unha necesidade ineludible. A xerarquía eclesiástica esforzouse dende os comezos da Idade Moderna en modificar as pautas de comportamento social, esforzo para o que a reforma do clero era unha condición necesaria[31], pero os intentos de reformar a Igrexa, en especial os costumes do clero, foron un fracaso. Promulgouse unha bula na que se pretendía cortar certos males tradicionais: mínimas condicións para ser clérigo, non admisión de máis persoas das que a comunidade puidera manter, menos festas relixiosas, menos conventos, menos privilexios dos cabidos fronte ós bispos, etc. As protestas dos prexudicados foron múltiples e, polo tanto, os efectos da bula foron escasos[32].

Tampouco diante desta situación resulta difícil comprender por qué a Ilustración se empeñara en proclamar o retorno ao modelo dunha Igrexa primitiva que se imaxinaba pobre en bens materiais, alternando así motivos espirituais de auténtica reforma cos económicos e sociais de loita pola desigualdade e os privilexios, e cos políticos para devolver ao monarca a regalía do control de transferencias sobre algo que lle pertence por dereitos de soberanía. Este último matiz -eminentemente político- é do que informa o Tratado sobre la regalía de la amortización de Campomanes en 1765[33]. Trátase dun retorno ós tempos en que, como diría o autor *"la potestad eclesiástica no era*

30. Cf. R. J. LÓPEZ, "O ámbito relixioso galego durante a Idade Moderna", en J.M. GARCÍA IGLESIAS (COORD.), *Galicia Renace*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1997, 96-113.

31. Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, *O papel da Igrexa na evolución da Galicia Moderna*, en "A Trabe de Ouro" 4 (1991) 487-506.

32. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, *El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)*, en "Compostellanum" 33 (1988) 469-508 y *El clero de la Diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina*, en "Compostellanum" 35 (1990) 489-515.

33. Cf. T. EGIDO, *O.c.*, 406.

*propiamente coactiva ni contenciosa, y sí exhortatoria, penitencial y paternal, sin otras fasces que la oración y el sufrimiento"*[34].

Ao longo do século XVIII producíronse multitude de queixas contra o Tribunal da Inquisición polo entorpecemento que causaba á acción da xustiza ordinaria, e polas intromisións da Igrexa en asuntos alleos á herexía ou o dogma. Malia que o tribunal estaba sometido á Coroa, pois o inquisidor xeral era nomeado por El Rei, tanto os inquisidores como os seus servos gozaban de excesiva inmunidade chegando incluso a publicar decretos que eran contrarios a outros promulgados pola administración real[35].

## 2.4 As dimensións do seu pontificado

No século XVIII a Igrexa de Santiago cambia de panorama cultural e institucional. Os prelados de Compostela amósanse máis tridentinos que o mesmo Concilio de Trento implantando un ríxido episcopalismo que a clerecía resiste, unha situación que queda clara nos contidos dos Sínodos de 1735 e 1740. Abondan os mecenas, simbolizados en Rajoy e Malvar Pinto, e multiplícanse as cátedras e pasantías con numeroso alumnado que en boa parte desemboca na clerecía. A Igrexa na súa rede beneficial e, sobre todo, nas súas numerosas comunidades capitulares segue a ofrecer postos atraentes para esta clerecía, agora máis regular e preparada e moi concienciada dos seus dereitos, demanda un novo estatuto diante do autoritarismo episcopal[36].

*a) A dimensión pastoral*

Os arcebispos composteláns da segunda metade do século XVIII puideron dedicarse á aplicación dos acordos sinodais sen os problemas derivados das tensións que os xeraran. Por conseguinte, o seu obxectivo centrouse máis nas visitas pastorais e nos problemas socioeconómicos dos anos sesenta e finais de século, coas conseguintes secuelas de pobreza e de asistencia social que pretenderon abordar dende planeamentos e conceptos de utilidade social.

O pontificado de Rajoy, ao ser este un gran xurista, caracterízase por unha visión administrativa da función episcopal, como pon de manifesto o contido da súa biblioteca que en 1751 constaba de 448 títulos e en 1772 se compuña de 629, a maior parte de contido xurídico. Gobernou a diocese ao longo de vinte anos nos que puido xuntar os fondos económicos suficientes como para poñer en marcha as obras nas que se modificaba a atención social e sanitaria, como a continuación sinalaremos.

34. A. DE LA HERA, *Notas para el estudio del regalismo español en el siglo XVIII*, en "Anuario de Estudios Americanos", 31 (1974) 409-440.

35. Cf. L. ALONSO TEJADA, *El ocaso de la Inquisición en los últimos años del reinado de Fernando VII,* Madrid 1969.

36. Cf. J. GARCÍA ORO, "Pasado y presente de una Iglesia metropolitana", en ID., *Historia de las Diócesis Españolas. Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo,* Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos 2002, 516.

Os informes das visitas pastorais feitas por Rajoy teñen un carácter máis administrativo que pastoral, pero é que a dureza da crise de 1769 deu lugar a crónicas e queixas do clero que, con toda seguridade, influíron nas posteriores decisións do arcebispo[37].

Pois ben, o pontificado de Bartolomé Rajoy desenvolveuse neste ambiente entre 1751 e 1772 deixando na Igrexa e Compostela unha pegada tan importante que logo de máis de dous séculos non se esqueceu a este personaxe. Nada máis incorporado á sé episcopal renunciou a cantos cargos tiña na Corte, o que posibilitou un goberno persoal da mesma. O primeiro problema que se suscitou foi o intento, en parte acadados, da dinastía borbónica e dos seus gobernos de controlar absolutamente todo e incluso fiscalizar á Igrexa, cuestión que quedará resolta polo Concordato de 1773 e a fatídica solución do Padroado Universal dos Reis sobre os beneficios eclesiásticos, cuestión da que Rajoy xa se pronunciara en contra.

Unha das relacións máis negativas que Rajoy tivo co Despotismo Ilustrado tivo que ver coa expulsión, o 3 de abril de 1767, dos relixiosos do Colexio da Compañía de Xesús en Santiago para seren conducidos ao desterro, o mesmo que aconteceu días despois coas residencias da Coruña e Pontevedra. Esta mentalidade de identificar como un perigo para a Igrexa á Compañía de Xesús foise espallando pola xerarquía eclesiástica e tivo o seu cénit na elección do Papa Clemente XIV que asina a súa supresión; Rajoy reacciona a esta inxustiza e acepta aos relixiosos exclaustrados buscándolles acomodo nos distintos conventos da diocese e oponse ao reparto que a Universidade pretendía facer cos edificios dos expulsados.

Dende a chegada de máis dun bispo non galego a Compañía de Xesús manifestouse coma un corpo alleo á nosa terra, tanto á vida galega en xeral como á eclesiástica e universitaria. Xa no século XVII os xesuítas participaran en distintas tentativas para acabar co padroado único de Santiago coma Patrón das Españas; en 1706 manifestáranse en contra das gracias concedidas ao Xubileo dos Anos Santos. Estes ataques xesuíticos viñan votar máis auga fría sobre as últimas luces das peregrinacións xacobeas cada vez máis esmorecidas[38].

Foi Rajoy un arcebispo que quixo estar sempre a disposición do seu clero e da súa diocese, mentres a súa constitución non foi vencida polos anos, mantívose el só atendendo persoalmente as súas múltiples necesidades. Cando contaba 78 anos decidiu solicitar o nomeamento dun bispo auxiliar que recae na persoa do lugués Juan Varela Fondevila. Xa no seu día pensara Rajoy en dar á mitra compostelá un lugar de descanso e aire libre, lonxe dos abatementos da vida urbana; resolveu o problema adquirindo a finca de Lestrove, ás marxes do río Sar, preto de Padrón, e alí construír un pazo que desde entón sería o lugar de retiro para os arcebispos composteláns.

37. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, "La diócesis de Santiago en la época moderna", en J. GARCÍA ORO (COORD.), *Historia de las diócesis españolas...*, o.c., 292-293.

38. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.*, 422-423.

*b) A dimensión social*

Nunha carta que Frei Martín Sarmiento envía ao seu irmán Xabier en 1748 afirma o seguinte: *"Galicia no necesita aumentar el número de caciques, sino disminuír la infinitud de pobres infelices que son esclavos de todos y de la tierra"*[39]; este foi un dos ideais emancipadores dos ilustrados galegos. Pertencía Rajoy a unha familia adiñeirada e as rendas que aproveitará ao longo da súa vida permitiranlle dispor de notables recursos. A súa vontade foi a de empregalo todo na Igrexa e nos necesitados[40], vexamos algúns exemplos.

O Hospital de San Roque, fundado polo Arcebispo Francisco Blanco, polas súas escasas dotacións obrigaba ós enfermos a abandonalo antes de estar curados. Rajoy entregou, a 20 de xaneiro de 1764, doce mil ducados para engrosar as rendas fundacionais, e 150.000 reais para ampliar a capacidade do mesmo en 30 camas.

No barrio de Tarás, tamén en Santiago, edificou en 1767 un hospital con cincuenta camas para pobres impedidos chamado polo mesmo os das carretas; a obra da fundación supuxo un investimento total de millón e medio de reais. En 1770 xa estaban recollidos os tolleitos no devandito hospital. Xunto a este hospital mandou facer un casa de acollida para as mulleres arrepentidas do mal vivir[41], fundación que aínda chega ata nós e que hoxe administran o Cabido da Catedral e as Irmanciñas dos Anciáns Desamparados.

Dende os días do arcebispo Juan de Sanclemente (1587-1602) viña arrastrándose a necesidade de dotar ao Colexio de Acólitos e Nenos de Coro da Catedral dun aloxamento axeitado. Tamén o Concello de Santiago precisaba residenciarse nunha sé digna da cidade, esta foi a orixe do Pazo que leva o nome deste arcebispo. Fronte á fachada do Obradoiro da Catedral, que dende 1750 ofrecía a súa maxestática imaxe sobre a praza, elixiuse un solar no lugar ocupado por unha torre pegada ás murallas que servía de cárcere público. En 1766 baixo planos do tenente coronel de enxeñeiros Carlos Lemaur, traído de Francia e imposto a Rajoy no lugar de Miguel Ferro Caaveiro polo capitán xeral de Galicia, Maximiliano de la Croix, comezaron as obras dun edificio que tería como principal destino servir de Seminario de Confesores, con aloxamento e estudio para os confesores da catedral entre os que tiñan unha importancia notable os de linguas estranxeiras[42].

39. Cf. X. L. BARREIRO BARREIRO, *O.c.*, 69-70.

40. M. RODRÍGUEZ PAZOS, *El episcopado gallego a la luz de Documentos romanos,* Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1946, Vol. 1, 286.

41. Trátase da así coñecida como “Casa das Rabizas", cf. C. AMENEDO, *El arzobispo Rajoy, un eumés glorioso*, "El Ideal Gallego" (20.06.1990).

42. Antes de acadarse a autorización do Consello de Castela para a realización das obras desenvolveuse unha complexa historia desta obra arcebispal, sempre en relación coa resposta dada por diversos arquitectos ás cuestións das funcións ás que ía ser destinado o edificio, o lugar elixido para a súa situación e as dimensións do novo inmoble. Este discurso constructivo provocou sucesivas discordias entre arcebispo, Concello e administrador do Hospital Real, así como a confección de dous proxectos anteriores o de Ferro Caaveiro e o de Andrés García de Quiñónez. Cf. F. PÉREZ RODRÍGUEZ, *Precisiones sobre la construcción del edificio de Rajoy en Santiago de Compostela*, en "Compostellanum" 49 (1999) 3-4, 559-580.

Tamén albergaríase o colexio de nenos do coro e acólitos, o cárcere, os xulgados e o Concello. A impresionante obra foi integramente custeada polo arcebispo Rajoy. A fundación creada para o seu sostemento mantense na actualidade, aínda logo da venda do edificio realizada polo cabido catedral en 1969[43].

É innegable que Rajoy con esta e outras construccións similares tentou desenvolver un novo concepto de atención asistencial e hospitalaria na que se potenciaba a atención e concentración por sectores e problemas, pero como contrapartida no medio rural este modelo non tiña cabida e significou a perda dos escasos e vellos restos da antiga rede hospitalaria. No século XVI chegou a haber na diocese da Santiago, sen contar os das cidades, entre 28 e 31 hospitais en 35 arciprestados concentrados en cidades e vilas costeiras e aquelas que cubrían os accesos a Santiago. No século XVIII quedaban tan só trece[44].

Entre os anos 1768 e 1769 na zona sur e occidental de Galicia as colleitas foron tan escasas que o ferrado de millo valorado normalmente en cinco ou seis reais chegou a pagarse a vinte e vintecatro, e o mesmo aconteceu cos demais cereais[45]. Como os comerciantes non quixeron facer unha importación masiva de gran tivo que facela o arcebispo e o cabido; enviaron a Francia a un comisionado racioneiro, Domingo Pérez Correa, para xestionar a compra. Como consecuencia chegaron dende Baiona ata o porto de Carril vinte barcos cargados de gran que, posto á venda a sete ou oito reais, aliviou a situación de carestía creada. Esta operación supuxo unha perda de cinco mil ducados[46]; se o éxito acompañou a esta operación, nun principio orientada a mitigar as necesidades dos famentos, serviu no sucesivo como experiencia capaz de potenciar a economía do país[47].

A fame e a peste viñeron despois. Santiago, refuxio de mendigos e pobres non só de Galicia senón tamén de Asturias, Castela e Portugal, viuse inundado pola necesidade dos indixentes[48]. A

43. No friso do edificio figuraba a seguinte inscrición: *"Principió la obra de este gran Seminario el año 1766, y se concluyó en el 1722. Lo hizo y dotó siendo Arzobispo y Señor de esta Ciudad y Arzobispado de Santiago el Ilustrísimo Señor Don Bartolomé de Rajoy y Losada, Doctoral que fue de esta Apostólica y Metropolitana Iglesia y Comisario General de la Cruzada. Nació en la villa de Puentedeume, provincia de Betanzos, el año 1690 y falleció en el 1722"*. Adquirido o edificio polo Concello de Santiago a mediados do século XX fáiselle algunha modificación amosando o texto que se atopa actualmente no friso do edificio.

44. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, *La Iglesia de Santiago en la época moderna..., o.c.,* 325.

45. Cf. A MEIJIDE PARDO, *El hambre de 1768-1769 en Galicia y la obra asistencial del estamento eclesiástico compostelano,* en "Compostellanum" 10 (1965) 2, 213-256. Tamén: A. EIRAS ROEL-R. GONZÁLEZ USERO, "Los precios de los granos de Santiago de Compostela", en J*ornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas,* Santiago, Universidad de Santiago 1973, Vol. II.

46. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *O.c.*, 127-137.

47. Cf. J. M. PALOMARES IBÁÑEZ, *El Arzobispo Rajoy y los orígenes del Hospicio de Pobres de Santiago*, en "Compostellanum" 22 (1977) 1-4, 235-259.

48. Tan só en 1769 ingresaron no Hospital Real de Santiago 4.278 enfermos, deles faleceron por consecuencia da epidemia de peste 341 varóns e 460 femias, procedentes na súa maior parte das parroquias comprendidas nos partidos xudiciais de Ordes, Arzúa e Negreira. Cf. P. PÉREZ COSTANTI, "La mortalidad en Santiago en 1769", en ID. *Notas viejas galicianas,* Santiago, Xunta de Galicia 1993, 527-528.

enorme cantidade de nenos orfos constituían unha preocupación insalvable. Rajoy pensou daquela en facerse cuns cuarteis situados no Campo dos Sapos, ás beiras do río Sarela, e que foran do Concello. A súa idea, segundo nos indica López Ferreiro, era chegar a instalar neles unha universidade industrial coa finalidade de adestrar nela aos que vagaban pola cidade pedindo esmola[49]. Obtivo de El Rei a cesión dos terreos e encomendoulle os planos, nun primeiro momento, ao enxeñeiro militar Feliciano Míguez, e nun segundo a Miguel Ferro Caaveiro para que puidese albergar a 500 ou 600 pobres que eran os que se estimaban que vivían en Santiago por entón[50]. Este iniciou as obras do que había de ser un lugar de acollida de nenos orfos e abandonados, hospital para o seu coidado e unha escola con obradoiros. Para a conservación desta institución investiu a cantidade de oito mil ducados das rendas da Mitra, á parte dos catro mil que puxo o cabido e o valor de oito mil ferrados de trigo que proporcionaba o mosteiro de San Martiño Pinario. No Arquivo Histórico Nacional atópase a documentación precisa para facer a historia deste edificio[51]. A morte cortou os seus proxectos; aínda que o hospicio chegou a funcionar foi desafiuzado polos franceses no tempo da Guerra da Independencia. Este edificio foi co tempo o Cuartel de Santa Sabela e a mediados do século XX demoleuse para construír no seu solar instalacións deportivas municipais.

Outra obra social compostelá relacionada con Rajoy foi o Colexio da Ensinanza. Orixinaria a través do testamento do emigrado en Perú Mateo Vázquez, natural de San Pedro de Présaras, que deixa á súa morte acaecida en 1744 cen mil pesos para que se construíra un casa de monxas carmelitas ou capuchinas. Cando o seu testamenteiro, Valentín Sánchez Boado, trouxo a Santiago os cen mil pesos da herdanza atopouse con que xa existían na cidade conventos de ambas relixiosas polo que, coas debidas licencias e logo de bastantes preitos e a xestión do noso prelado, conséguese que o Real Consello de Galicia aprobe o proxecto de fundación dun convento de relixiosas dedicadas á ensinanza, seguindo o modelo do que estaba establecido en Toledo co nome de Colexio de Doncelas Nobres.

## 3. MECENADO EN PONTEDEUME

Se hai algo claro na biografía de Rajoy é que Pontedeume estivo sempre presente na vivencia, no pensamento e na inmensa maioría dos planos da súa vida. Imos tratar de xustificalo dando conta das súas obras de mecenado en interese da súa vila natal. Non queremos facelo só por unha actitude de recoñecemento que en si xa estaría ben xustificada, senón para seguir tentando de ver e valorar a Rajoy na Ilustración. En definitiva, para percibir cómo as particulares condicións de existencia dos grupos humanos de Galicia inciden de forma decisiva na mentalidade ilustrada. Partindo xustamente dunha situación de atraso e deficiencias no agro, na industria, nas técnicas de pesca, no comercio, nas redes viarias, nos sistemas educativos, etc... os ilustrados procuraron ofre-

49. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *O.c.*, 83-154.

50. Cf. M. S. ORTEGA, *Planos de Miguel Ferro Caaveiro para construír un Hospicio en Santiago de Compostela*, en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 80 (1971) 307-318.

51. Cf. ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL, Consellos, Atados 281-289, Planos 125 1 e 2.

cer solucións pragmáticas aos problemas. Neste exemplo de mecenado de Bartolomé Rajoy, ademais dun sentimento de agarimoso afecto pola súa vila natal, percíbese igualmente a sintonía co proxecto emancipador dos ilustrados galegos. Por último, esta descrición do mecenado de Rajoy en Pontedeume serviranos para repasar aspectos puntuais da nosa historia local.

### 3.1 A reconstrucción da igrexa parroquial

Como xa sabemos a igrexa parroquial de Pontedeume, dedicada ao Apóstolo Santiago, edificouse en 1538. Logo dos incendios que devastaron a vila a mediados do século XVIII non se conserva en bo estado máis que a capela maior, un fermoso exemplo do primeiro renacemento galego aínda moi vinculado ás fórmulas goticistas, en especial o seu abovedado de complicada nervadura. Ameazando ruína o resto do templo Rajoy determinou reedificar a igrexa.

O plano inicial encárgaselle en 1754[52] a frei Manuel de los Mártires, relixioso dominico afincado en Compostela, respectando a capela maior da igrexa que mandara facer Fernán Pérez de Andrade; partindo do seu arco triunfal levanta o edificio nos canons da arquitectura neoclásica. Aínda que en 1761 se consagrou a igrexa as obras non remataron ata 1763 e custaron máis dun millón de reais. As torres foron contratadas ao mestre Alberte Ricoy, natural de San Miguel do Campo en Cotobade, na Terra de Montes, por oitenta mil reais; logo deste traballo o contratista traballou no pazo de Rajoy en 1767. En 1776 contratárono para construír as bóvedas finais da Catedral de Lugo, pero foron tan mal executadas que Ferro Caaveiro aconsellou ao cabido que as derrubase para facer outras novas, polo que Ricoy recibiu dos cóengos de Lugo o alcume de "peón de albanel"[53].

A planta da igrexa revela unha estructura moi arraigada na tipoloxía galega: de tradición medieval, tres naves, cruceiro e cabeceira recta; podería ser a adaptación á primitiva igrexa. Esta adaptación segundo Vila Jato:

> *"Condicionó sin duda la estructuración del espacio interior, la enorme altura de su abovedamiento y la grandiosidad de la nave principal. Esta presenta cuatro tramos articulados por arcos de medio punto de claves resaltadas y apeados en recios pilares cuadrangulares de orden toscano. Sobre ellos corre una moldura a modo de falso entablamento que rompe la verticalidad del lienzo de la pared, pero que es contrarrestada por la articulación de pilastras cajeadas de orden toscano sobre las cuales recaen las presiones de la cubierta, de bóveda de cañon distribuída por medio de nervios de fuerte cajeado. Sobre el crucero, la tradicional media naran -*

52. Cf. M. D. VILA JATO, "Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy: sus construcciones en Puentedeume", en AA.VV, *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento (1988-1988)*, A Coruña, Diputación Provincial 1990, 185-197. Tamén: ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO, Fondo: Parroquia de Pontedeume, Libro IV de Fábrica 1754.

53. Cf. J. GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, *Arquitectura del neoclásico en Galicia,* A Coruña, Fundación Barrié de la Maza 1989, 215.

*ja de elementos geométricos. A los pies de la iglesia se sitúa el coro elevado. La nota más sobresaliente del tratamiento interior del edificio es su sobria monumentalidad: pese a ser cronologicamente una obra adscribible a los epígonos del barroco, se han eliminado todas las referencias decorativas más tradicionales, en especial la utilización del placado de piedra como ornamento mural, lo que incipientemente puede estar anunciando que una nueva sensibilidad, basada en la simplicidad a la romana de las construcciones, trata de abrirse paso entre la hojarasca barroca"*[54].

Rematada a igrexa Rajoy sufragou en 1768, a petición do Concello, o amaño do adro, e sobre todo, a parte máis custosa que era a comunicación coa rúa da Fonte Nova[55].

### 3.2 Fundacións e xoias que dona á igrexa parroquial

Por escritura Rajoy outorgou o 27 de abril de 1769 perante Xosé Antonio de Neira, secretario do Cabido da Catedral Compostelá, o establecemento da fundación da Minerva[56] para que se celebrase na parroquial de Pontedeume todos os primeiros domingos de cada mes, manifestando que *"para a celebración da Minerva serán preferibles os sacerdotes fillos de veciño e patrimonistas que houbera na mencionada vila"*[57].

Tamén o 2 de decembro de 1761 fundou Rajoy unha capelanía eclesiástica coa obriga de 52 misas rezadas no ano a celebrar en calquera altar da igrexa, e outras dúas no altar de Nosa Señora das Neves, titular da confraría dos cregos da parroquia.

Enriqueceu o patrimonio artístico da igrexa parroquial cun viril, unha custodia que reproduce a actual capela maior da catedral de Lugo, probablemente a maqueta do tabernáculo que preparou do seu proxecto de construcción o enxeñeiro Charles Lemaur[58]; unha gran lámpada de prata[59]; un xogo de cruz e seis candelabros de bronce prateado; cáliz, patena e viñateiras; tres ternos e media ducia de casulas de distintas cores para os oficios; un palio de doce varas e orlóns de ouro;

54. M. D. VILA JATO, *Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy..., a.c.*, 192.

55. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume e a súa Comarca,* Santiago Xunta de Galicia 1995, 403.

56. Denomínase Minerva a unha cerimonia que consistía na exposición do Santísimo Sacramento e procesión co mesmo polo interior do templo. Denomínase con este nome pois foi na basílica de Santa María sopra Minerva en Roma onde se fixo por vez primeira na historia da liturxia católica. Cf. H. LECLERQ, "Minerve", en F. CARBOL-H. LECLERQ (EDS.), *Dictionnaire d'Archéologie Chrétienne et de Liturgie, Paris, Letouzey et Ané 1933*, Vol. 11, 1205-1213.

57. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O.c.*, 409.

58. (Catálogo 1991) *Galicia no tempo*, Santiago de Compostela, 363.

59. Esta lámpada pesaba 25 arrobas e vendeuse por mandato do rexedor local Joaquín María Maldonado, tiña medo que a roubasen por causa da revolución republicana que había daquela, e o producto da venda investiuse en facer un baptisterio e un altar maior novo e en adquirir dúas lámpadas que se colocaron a ambos lados deste. A lámpada era da manufactura do prateiro compostelán Xacobe Piedra. Cf. J. COUSELO BOUZAS, *Galicia Artística*, Santiago, Imprenta del Seminario 1933, 533.

un Neno Xesús vestido de peregrino, con bordón e carteira de prata afiligranada; unha aguia bicéfala de prata, en forma de ramallo, con reliquias de santos gravadas no medio e, antes de chegar á mitra, tamén regalou unha efixie de San Nicolao de Tolentino, con vestido de seda bordado con estrela de prata e diadema e pratiño tamén de prata. A maior parte destas alfaias entregáronse o 3 de xaneiro de 1764 a Francisco Caruncho, párroco da Vila, na sancristía da propia igrexa parroquial[60].

### 3.3 Ampliación do Convento de Santo Agostiño

Encarga a Melchor de Ricoy, contratista da súa confianza, que engada unha fachada ao que existe do antigo convento agostiño[61]; a obra ascendeu a 66.000 reais[62].Tamén deixou algunhas fundacións para as que doou catro mil ducados con obrigación da celebración de tres misas que se deberían cantar todos os anos no mesmo Convento os días de Santo Agostiño, San Nicolao de Tolentino e Santo Tomé de Villanueva[63].

### 3.4 Edificación das lonxas ou almacéns do peirao e reconstrucción deste

En 1764 Rajoy deixa cento doce mil reais de vellón para a construcción destes almacéns que se encarga de construír o propio Alberte Ricoy[64]. En xeral, calquera das fundacións benéficas de Rajoy (escolas, igrexas, liberacións de cargas económicas, construccións públicas) redundaban en favor dos mariñeiros pois era o estamento social de maior poboación na vila, e tamén o máis necesitado. Querendo aínda axudalos máis mandou construír un peirao e dez lonxas que aínda subsisten. Polo ano 1769 estes almacéns, que estaban dedicados para salgar peixe e para gardar os tramallos dos mariñeiros, rendían a cantidade de cinco mil catrocentos reais de vellón; nomeou para a súa administración a un eclesiástico natural da Vila que era o encargado do arrendo e os reparos. Cos arrendos pagábase o salario dun mestre e dunha mestra, que aprenderían aos fillos dos mariñeiros nas escolas tamén por el fundadas.

En 1773, é dicir un ano despois da morte de Rajoy, había en Pontedeume:

> *"(...) tres traíñas; varios barcos y dornas que andaban ao xeito; había rapelas, pescadores de liña, pescadores del cazón, y todo oficio de volantes o rascos; fleteadores, para fuera de las puntas de la Torella y Miranda; y fleteadores para estiér -*

60. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O.c.*, 412-413.

61. Cf. N. CAMINO HUERTAS, *O arcebispo Rajoy e a comarca eumesa*, "El Correo Gallego" (29.06.1990).

62. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *O.c.*, 83-154.

63. Así consta nunha escritura estendida en Santiago o 29 de maio de 1729, diante do escribán Cristóbal Rodríguez de Lago e asinada por Rajoy e Frei Domingo García, Prior do Convento, quen recibiu no acto a expresada cantidade. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puentedeume y su Comarca,* Santiago, Editorial Compostela 1944, 447.

64. Cf. M. D. VILA JATO, *Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy…, a.c.*, 191. Tamén: A. COUSELO BOUZAS, *Galicia artística en el siglo XVIII y primera mitad del XIX*, Santiago 1932, 566.

*col, leña, piedra, vino, u otro flete que se haga desde el puerto de Redes a la Piedra de Agua del río Heume, para esta villa"*[65].

Estes mariñeiros cando tiveron ocasión de agasallar ao arcebispo acordaron, segundo acta do Concello da Vila o día 15 de xullo de 1761, algúns preparativos para recibir a Rajoy por mor da consagración da igrexa parroquial que acontecería o 7 de setembro dese ano:

*"(...) que el gremio de los marineros, como independiente de los mas de la Tierra, se previene, en su modo posible, a festejar la bien venida de dicho Ilmo. Sr. (...) que asimismo el gremio de la mar está haciendo sus prevenciones de fuegos para echar desde la mar frente y a vista del Balcón de la casa que tiene en dicho sitio su Ilma. Para azer mansión en ella"*[66].

### 3.5 Fundación de dúas escolas para nenos e nenas, asignando renda ós mestres

Sen reiterarmos no que xa sinalabamos anteriormente, no Arquivo Municipal de Pontedeume consérvase un libro que leva por título: *Libro de Caxa de las quentas de la renta de las lonjas, las que son fincas de la Escuela Pía. Año 1794*[67]. Na primeira páxina lese: *Libro de Caxa, de las quentas de la Obra Pia fundada por el Illmo. S. D. Bartolomé Rajoy y Losada.* Esta fundación tivo orixe o 16 de maio de 1769 mediante escritura outorgada no priorado de Cernadas (Portomouro). A escolla dos mestres tíñaa que facela o cóengo de Santiago, Tomas Moreira y Montenegro, sobriño do propio Rajoy, e logo que el morrese o prior do convento agostiño e os dous eclesiásticos máis antigos fillos de veciños. Para soster esta fundación cede os dez almacéns que fixera fabricar na ribeira da vila; estes daquela andaban arrendados en 5.4000 reais de prata, e deles manda reservar cada ano 50 ducados para o administrador dos almacéns e 60 reais para o prior e os eclesiásticos encargados de facer cumprir a fundación. Ademais, do resto do producto dos almacéns ordena que se fagan lotes de 50 ducados para repartir a cada unha das fillas de veciño que sinalasen os patróns, que sexan esas mulleres tales que vivisen en santo temor de Deus e con honra; tiña que asistir tamén á elección con voto o cura e rector propio da vila de Pontedeume, e a designación facerse dentro da parroquia o día de Pascua de Resurrección[68].

65. P. PÉREZ COSTANTI, "Conciertos entre mareantes para el Real Servicio", en ID., O.c., 72-73. As lanchas xeiteiras eran embarcacións dunhas trinta e catro cuartas de quilla (seis metros) e cada unha ía tripulada por cinco homes: o patrón e catro mariñeiros que traballaban á parte. A rede de xeito confeccionábase con liño, tiña cada unha cento cincuenta mallas e de largo doce brazas, e por cada unha das mallas debía poder entrar un dedo polgar. Cf. A. ROMANI GARCÍA, *Catalanes en las costas de Galicia,* en "Cuadernos de Estudios Gallegos" 37 (1987) 102, 183-226.

66. AMP, Libro de Actas del Concejo de Pontedeume. A casa referida é a que ata 1960 serviu de Casa Rectoral, que estaba situada na rúa da Ribeira (hoxe da Inmaculada), que a comprara el para a Igrexa por un prezo de máis de sesenta mil reais. Cf. G. PLACER LÓPEZ, "Rajoy y los marineros", en *III Centenario del nacimiento de Bartolomé Rajoy y Losada, Arzobispo de Santiago, Pontedeume,* López Torre 1990, 37-38. O texto da acta atópase íntegro en A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O.c.*, 404-405.

67. Cf. ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. Consta de cento oitenta e nove folios, setenta e sete escritos e o resto en branco.

68. O texto completo da escritura atópase en: A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O.c.*, 453-454.

O libro en cuestión sinala como administrador a Bernardo Vázquez de Allegue. O mestre dos nenos percibiría un salario anual de cen ducados de vellón coa obriga de aprenderlle ós rapaces a ler e escribir, educándoos no santo temor de Deus e para que soubesen ben a doutrina cristiá. Cada sábado á tardiña habían de saír polas rúas a cantar o rosario. Esta insistencia no coñecemento da doutrina cristiá e na procesión do rosario tiña a súa orixe nas disposicións de Trento, aínda que neste momento o comportamento relixioso é de transición na que están a desaparecer moitas manifestacións relixiosas externas. Dende logo, os ilustrados non eran proclives ós excesos populares, pero hai que dicir que o pobo nunca foi ilustrado e sempre gustou desas manifestacións deostadas polas elites[69].

Á mestra das nenas sinalábase un salario de oitenta ducados anuais coa obriga de aprenderlles a ler, escribir, coser e outros labores das mulleres, e tendo especial coidado en que souberan a doutrina cristiá. Os salarios habíanse pagar cos cartos dos arrendamentos e alugueiros dos almacéns. A partir de 1861 o Concello queda co Padroado e coa potestade para a nomeamento dos mestres[70]. As escolas estaban situadas nun edificio construído por Rajoy a carón do adro da igrexa parroquial, no solar que actualmente coñécese co nome de *Hospitaliño*.

### 3.6 Levantar para si unha casa na rúa Real da Vila

No número 7 da rúa Real da Vila atópase unha das casas máis fermosas de Pontedeume: a que Rajoy mandou facer para residencia propia. Casa construída e labrada en pedra de cantería con perfectas proporcións, amosa unha fachada plana, con dous pisos e tres ocos en cada unha da súas plantas. Os pisos amosan tres balcóns voados e decorados con varanda de ferro de gusto rococó. Ao final da fachada leva unha cornixa moi saínte que se levanta e rompe no centro do frontispicio para aloxar un monumental escudo de armas. Os extremos da fachada adórnanse cuns floreiros a xeito de acroterio. Dobra a casa por unha esquina que da á praza do Pan que só conserva perpiaño nun tramo e o resto é de cachotería calada, utilizándose unicamente a cantería para enmarcar os vans e para sinalar a división dos pisos con sinxelas impostas de recto listel. O inmoble, malia a súa sinxeleza e austeros materiais (pedra e ferro), achega ao conxunto urbano de Pontedeume un detalle de beleza singular.

> *"Del palacio construído por Rajoy en la calle Real de Puentedeume hoy lamentablemente sólo se conserva la fachada principal, en la que conviven elementos tradicionales típicos de la escuela compostelana del barroco dieciochesco, con otros en los que con claridad se detecta un interés por crear un nuevo tipo de construcción urbana más depurada y clasicista, quizá tomando como lejano punto de partida modelos de edificación franceses de las primeras décadas del siglo. Es en fin*

69. Cf. M. SÁNCHEZ YÁNEZ, *Iglesia, poder y sociedad en España 1750-1874 de William J. Callaham. Reflexións e comentarios ós tres primeiros capítulos*, en "Estudios Mindonienses" 16 (2000) 667-702.

70. Cf. P. DÍAZ NOVO, "El Arzobispo D. Bartolomé Rajoy y Losada, fomenta la enseñanza primaria creando dos Escuelas en su villa natal", en *III Centenario..., o.c.*, 41.

*un producto típico de un momento de transición (...) Teniendo en cuenta estas fechas y las noticias que conocemos sobre la estancia de Alberto Ricoy en Puentedeume, creo que puede afirmarse que el palacio que nos ocupa es obra suya fechable por los años 1766-1767 en los que documentalmente sabemos que per - manecía en dicha Villa"*[71].

O escudo de armas merece ser descrito. Primeiramente facemos notar que os apelidos do arcebispo estaban castelanizados segundo o costume da época.

Está timbrado por unha cruz de dúas traveseiras, capelo fornecido con dous cordóns con dez borlas a cada lado, e catro cuarteis:

a.- *Raxoy*: unha cidade ao natural entre dúas árbores representada por unha torre e unha ponte de tres ollos con tres ondas.
b.- *Lousada*: unha lousa con dous lagartos debaixo dela. Trátase dun apelido falante pois representa a fazaña dun cabaleiro que fixo desaparecer coa súa valentía unha epidemia de lagartos, praga que empobrecía ós labregos.
c.- *Torres*: por derivación do morgado de Dodro, coñecido por Torre de Soutomaior.
d.- *Fernández*: banda con tres estrelas, provenientes do apelido Fernández da súa avoa[72].

A casa ten dimensións enormes como para ser destinada á vivenda dunha persoa. Hai que ter en conta que segundo os datos achegados ao Catastro de Ensenada baixo o teito de Rajoy vivían un total de 56 individuos, entre familiares e serventes. Como todos os sectores altos da época, socialmente falando, concibían a familia en sentido extenso, achegado e troncal. Motivo polo que tenden a axudar a consolidar e mesmo constituír, as bases económicas do núcleo orixinal do que proceden, fonte de poder e prestixio e expresión da súa conciencia como familia e como estamento[73].

### 3.7 Custear a edificación de igrexas parroquiais e capelas na comarca

A aldea de Covés (Nogueirosa-Pontedeume), e as parroquias de Vilachá (Monfero), Caamouco (Ares) e Porto (Cabanas) contan con igrexas levantadas baixo os auspicios do seu mecenado.

De entre todas elas a máis fermosa é a de San Martiño de Porto construída polos irmáns Ricoy[74]. A de Covés, hoxe desaparecida, tratábase dunha ermida dedicada á Nosa Señora da Concepción; tamén foi contratada ao mestre Ricoy por 14.300 reais.

71. M. D. VILA JATO, *Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy..., a.c.*, 195.

72. Cf. M. FABEIRO GÓMEZ, "O escudo de armas do arcebispo Raxoi e Lousada", en *III Centenario..., o.c.*, 33-36.

73. Cf. I. DUBERT GARCÍA, *Los comportamientos del clero urbano en Galicia: El ejemplo de Santiago de Compostela en el s. XVIII*, en "Compostellanum" 31 (1986) 3-4, 443-456.

74. Melchor Ricoy foi o contratista principal do arquitecto Pérez Machado. Fixo a estrada de Santiago a Pontevedra e diversos planos de pontes situadas nesa provincia. Cf. J. GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, *O.c.*, 215.

En todas estas obras descóbrese o espírito filantrópico deste prelado, característica da Ilustración que no seu estilo emancipador deu pulo a institucións de asistencia social, beneficencia e sanidade.

## 4. CONCLUSIÓNS

Rematamos con este intento de inserir a Rajoy no marco da Ilustración. Podemos dicir que cronoloxicamente Rajoy foi un ilustrado, pero se valoramos como acertados os criterios do profesor Barreiro Fernández para determinar quén son os ilustrados galegos, cómpre dicir que o criterio cronolóxico non é suficiente, aínda que si condicionante. Ademais da contemporaneidade, o actual presidente da Real Academia Galega incide en que para determinar a pertenza a este colectivo cómpre ter en conta: a temática das obras escritas e discursos; a exposición de temas concretos e utilitarios (reforma agraria, arranxos de camiños, corrección do sistema fiscal,...); a redacción de traballos xurídicos e filosóficos que dan unha nova visión de temas como eran a eliminación ou corrección de señoríos, a potestade rexia coa súas relacións coa Igrexa; e entender a educación como unha nova pedagoxía social[75].

Honestamente, informo de que nin o propio Barreiro Fernández, nin Paz Andrade[76], nin Fausto Dopico[77] valoran a Rajoy como pertencente ao movemento ilustrado galego. Coa mesma honestidade achego a opinión do profesor R. Otero Túñez, que si o considera como ilustrado na liña de importantes eclesiásticos coetáneos seus como Flórez, Sarmiento, Isla, de historiadores como Mayans e de preceptistas literarios coma Luzón, todos, por outra banda, amigos de Rajoy[78].

A tristemente finada, profesora Vila Jato, afirmaba que:

> *"Tanto por el tiempo que le tocó vivir como por su propia formación cultural, Rajoy responde plenamente a un período de transición, entre un espíritu tradicional que trata de mantener el absoluto dominio eclesiástico sobre otras instituciones, la pervivencia gremial y, en general, el status inmovilista de la sociedad gallega y de los sectores más empecinados en el mantenimiento de unos intereses feudalistas y una inclinación hacia la nueva ideología Ilustrada, propugnada desde la Corte por amigos suyos como el Marqués de la Ensenada o Floridablanca"*[79].

75. Cf. X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, "Os ilustrados galegos", en F. RODRÍGUEZ IGLESIAS (ED.), *Galicia.Historia.*Tomo IV: *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política,* A Coruña, Hércules de Ediciones 1991, 312-313.

76. Cf. V. PAZ ANDRADE, "Estudio preliminar á obra Ensayo de una historia de los peces de X. Cornide", en X. CORNIDE SAAVEDRA, *Ensayo de una historia de los peces*, Sada, Edicións do Castro 1983, 36-37.

77. Cf. F. DOPICO, A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados, Vigo, Galaxia 1978.

78. Cf. R. OTERO TÚÑEZ, *Rajoy constructor,* en "Cátedra" 8 (2001) 57-78.

79. M. D. VILA JATO, *Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy*, a.c., 185-186. Tamén: M. L. SOBRINO MANZANA-

A escaseza de obra escrita non permite unha análise axeitada. Mágoa que don Bartolomé non rematara, cando traballaba na Real Audiencia da Coruña, aquel compendio de cuestións xurídicas, pero como no caso doutros que si figuran nesta nómina de ilustrados, a Rajoy hai que estudialo máis polas súas obras utilitarias que polo seu discurso escrito.

Como xa precisamos no seu momento, si sostemos sen dúbida ningunha é que Rajoy foi un arcebispo da Ilustración tal e como se viviu, sentiu e desenvolveu na súa heteroxénea expresión galega e española[80]. Se ben é certo que o movemento acadado polos ilustrados galegos non avanzou pola metodoloxía do "proceso contra Deus" como divisa, como aconteceu na revolución Francesa, nin pola concepción *iusnaturista* da aplicación e interpretación das leis e dos dereitos como na moderada ilustración alemana[81], tampouco cabe dúbida que, xa fose por intuición ou xa fose por analoxía, Rajoy e boa parte do alto clero galego desa época estiveron satelizando harmonicamente no interior do sistema ilustrado.

Sempre segundo a nosa opinión, unha realidade que pode soster esta afirmación é a promoción de edificios a través dos que se desenvolveu un determinado estilo artístico: o neoclasicismo. Esta arte en Galicia tivo un dobre punto de apoio: por unha banda na obra civil e relixiosa de Santiago de Compostela, e por outra no conxunto urbanístico e militar de Ferrol[82]. O alto clero urbano galego era o único con posibilidades de acometer grandes obras arquitectónicas. Este clero, sobre todo a partir da expulsión dos xesuítas, os máximos defensores do vocabulario barroco, por mor da política regalista borbónica estaba constituído por partidarios da Ilustración. Precisamente o neoclasicismo é o estilo propugnado polos ilustrados do conxunto do estado español para facer chegar a razón ao pobo e eliminar o síntoma principal da enfermidade que consumía á sociedade española, que para eles non era outra que as esaxeradas edificacións do barroco rexional español.

Fiel aos seus ideais o alto clero urbano galego -é arquetipo deste clero os cabidos das catedrais de Lugo e Santiago; de ámbolos dous formou parte Rajoy- rexeitou as obras dos vellos modelos barrocos e buscaron sabia nova. Fixérono pedindo o concurso da recentemente fundada Academia de Belas Artes de San Fernando (1757), xa incluso con anterioridade do disposto na Real

RES, "El Despotismo Ilustrado y las artes plásticas en Galicia durante la segunda mitad del siglo XVIII", en *Homenaje a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago 1988, 693. Zenón de Somodevila, a quen o rei de Nápoles, Carlos, futuro Carlos III de España, lle concedera o título de Marqués de la Ensenada en 1736 polos seus servicios naquel reino. Recomendado polo rei de Nápoles ao seu pai, Felipe V, este nomeouno xefe do Almirantado. O Marqués de la Ensenada tiña grandes coñecementos dos asuntos navais, sobre todo de Ferrol, pois estivera nesta cidade en 1728 como comisario de Mariña.

80. Cf. A. LÓPEZ CALVO, *Rajoy: un Arzobispo de la Ilustración,* "El Ideal Gallego" (12.07.1990).

81. Cf. X. L. BARREIRO BARREIRO, O.c., 19-21.

82. Cf. M. L. SOBRINO, "La Edad Contemporánea", en AA.VV., *Historia del arte gallego*, Madrid, Alhambra 1982, 391-396. Entre as obras de enxeñería construídas ao abeiro da Ilustración hai que destacar os arsenais e os castelos de San Filipe e A Palma en Ferrol, agora aspirantes a formar parte do Patrimonio da Humanidade polo seu valor histórico e artístico, xa que reflicten as ideas de utilidade e ciencia da época e acadaron os maiores niveis de calidade e deseño, e sendo posiblemente un exemplo único no mundo de base naval creada *ex novo* e coa maior extensión para a época. Cf. X. FEIXÓ, a.c., 54.

Orde de 1777 que instituía a obrigatoriedade de someter ao seu dictame os proxectos de todas as obras a realizar no territorio do estado español, ou mesmo botando man dos arquitectos do Corpo de Enxeñeiros Militares que chegaran a Galicia para traballar na construcción do Arsenal Militar de Ferrol e na nova rede de estradas. Así, o Cabido compostelán na época do pontificado de Rajoy pon trabas ós remates de Lucas Ferro Caaveiro e Clemente Fernández Sarela para o deseño da fachada da Acibechería da catedral compostelá, e fanse as obras seguindo os dictames de Ventura Rodríguez, director da escola, e tráese como arquitecto do Cabido a Domingo Lois Monteagudo, principal discípulo do anterior[83]. En Lugo e en Ferrol (catedral e igrexa de San Xiao respectivamente) traballou o enxeñeiro Julián Sánchez Bort, director das obras do Arsenal de Ferrol[84]. O mesmo Cabido de Lugo contrata para facer obras no camarín do Sacramento a Charles Lemaur (o que representa en miniatura o viril co que Rajoy agasalla á parroquia de Pontedeume). Lemaur é contratado para edificar o Pazo do Obradoiro, un edificio con múltiples funcións (seminario, casa do concello e cárcere), e Lucas Ferro Caaveiro resólveo cun proxecto unitario de indubidable atractivo pero que non estaba a ton co espírito ilustrado que vivía Galicia por entón, sobre todo no ambiente compostelán. Lemaur non só alterou a linguaxe expresiva, senón que ao dar maior desenvolvemento á fachada crea unha espléndida pantalla urbana na liña dos grandes edificios que por entón se erguían en París e Toulouse[85]. Este pazo representa a imaxe conceptual e formal máis oposta ao crecente verticalismo barroco da fachada do Obradoiro: o plano horizontal do consistorio compensa ao plano vertical da catedral[86].

Curiosamente, esta mesma intención percíbese no momento en que Rajoy decide emprender a reconstrucción da igrexa parroquial de Pontedeume. Atopamos de novo esta dualidade, esta confrontación entre dous estilos e dúas mentalidades diferentes: a vixencia dun barroco autóctono ao que está inclinado o gusto persoal do mecenas e o arranque dun planeamento neoclasicista que se está impoñendo como o froito dunha mentalidade racionalista e ilustrada.

A Ilustración tivo un grande interese pola creación de arquivos, bibliotecas e museos. En Galicia iniciou este labor Rajoy y Losada, que fundou o Arquivo da Mitra no propio pazo arcebispal; puxo á súa fronte a Tomas Romero Noboa, a quen lle encargou redactar un índice e sumario de todos os documentos da Mitra[87].

83. Cf. J. CARRO GARCÍA, *Coronamiento de la fachada norte o de la Azabachería*, en "Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense", 14 (1947) 201. También S. MORALEJO ÁLVAREZ, *La primitiva fachada norte de la catedral de Santiago,* en "Compostellanum" 14 (1969) 623-668.

84. A igrexa de San Xiao de Ferrol rematouse en 1763, o mesmo ano que a de Santiago de Pontedeume. A igrexa planeada sobre un esquema manierista vén sometida a un proceso de simplificación e racionalización, tanto na forma da planta como na fachada e no emprego dos materiais de construcción. Sen embargo, a obra máis coñecida de Sánchez Bort é a fachada da catedral de Lugo de 1769. Cf. J. J. MARTÍN GONZÁLEZ, *Una obra ferrolana de Julián Sánchez Bort,* en "Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología de la Universidad de Valladolid" 14(1948) 215-221.

85. Cf. R. OTERO TÚÑEZ, a.c., 76.

86. Cf. J. LÓPEZ VÁZQUEZ, "El Neoclasicismo y el siglo XIX", en J. BARNAT (ED.), *Enciclopedia temática de Galicia* (Arte), Barcelona, Ediciones Nauta 1996, 113-114. Tamén, E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Bajo las luces de la Ilustración. Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV,* A Coruña 1977.

87. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.,* 519.

Se ben é certo que podemos poñer reparos a Rajoy por manifestar un excesivo paternalismo no exercicio das súas obras sociais, non debemos deixar pasar por alto que, precisamente, paternalismo e rendibilidade na Ilustración van xunguidos[88]. Nesta mentalidade pódense intuír as influencias das ideas do colectivo de ilustrados que Xosé Ramón Barreiro Fernández denomina "ilustrados pragmáticos". Todos eles apostaban por unha reforma feita dende arriba, propuñan a agricultura como o maior ben público, estudiaban cómo determinar inversións de nobres e mosteiros para proxectos industriais. É dicir, planeaban reformas económicas sen provocar ningunha reforma social. En xeral, tratábase dun colectivo con excelentes observadores da realidade galega pero excesivamente triunfalistas e situados sempre dentro da liña do reformismo monárquico[89]. Non esquezamos que a Ilustración española se por algo se especifica, é por responder a outro modelo diverso, cada vez máis admitido e mellor personificado, como a "Ilustración católica".

Se os principais autores consensúan que a reforma achegada polos ilustrados era a dinamización duns instrumentos dende o poder tales como a educación popular, a sistematización das leis e a consecución dun novo tipo de economía, non faltan detalles na vida deste arcebispo de Santiago que amosen que eses mesmos foron os criterios das súas actuacións. Destes criterios e desas grandes accións que definen a súa vida aínda hoxe somos moitos os que experimentamos o seu benéfico influxo.

## ANEXO DOCUMENTAL

1772, 26 de Agosto. Santiago de Compostela
**Oración fúnebre pronunciada por Fr. Juan Ocampo en el funeral celebrado en la Catedral compostelana en sufragio de Bartolomé Rajoy Losada, Arzobispo de Santiago**.

ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO
Fondo Xeral. Sección Capelanías. Atado 386

Oración fúnebre en las solemnísimas Exequias que a la tierna y grata memoria del Ilmo. y Rmo. Señor Don Bartolomé de Rajoy y Losada, dignísimo Arzobispo, y Señor de Santiago, consagró el Ilmo. Cabildo de aquella Santa, y Apostólica Iglesia el día 26 de Agosto de este año de 1772. La pronunció el R. P. F. Juan de Ocampo. Natural de la Villa de Puentedeume, del orden del gran padre San Agustín, presentado en Sagrada teología, prior que fue del convento de Estella, Rector del Colegio de Teólogos de Valladolid, Prior del Convento de Santiago, Definidor de la Provincia de Castilla y Definidor General de su Religión. Dánla a luz, familiares, parientes y obli-

88. O caso máis claro dáse, ao noso entender, na misión benéfica do Hospicio, non só propón a Carlos III a edificación para socorro de pobres e mendigos, senón tamén de montar nel "fábricas y telares para diferentes labores y así evitar el ocio mediante la práctica de un oficio", P. NAVASCÚES, "La formación de la arquitectura neoclásica", en R. MENÉNDEZ PIDAL, *Historia de España...,o.c.,* 686.Tamén: J. COUSELO BOUZAS, O.c., 27-35.

89. Cf. X. M. PÉREZ GARCÍA, *O.c.,* 217-219.

gados al Ilmo. Difunto, naturales de Puentedeume quienes la dedican a los muy ilustres y venerados Señores, los señores deán y Cabildo de la Santa Apostólica Catedral Iglesia de Santiago. Copiado por su original en el hecho por mano de Leandro Plaza año de mil ochocientos setenta y cinco, mes de Diciembre.

Ylmo. Señor.
Señor:

Este fúnebre Panegírico, que mereció a V.S.I. el elogio de pieza cristianamente erudita, y a los ministrandos multiplicadas aclamaciones de grande, se va con dulce violencia, y de su propio peso a las manos de V.S.I. Pues habiendo tenido principio la serie de los plausibles hechos del gran Prelado Difunto en la elección que ésta Apostólica Iglesia hizo de él para su Doctoral a V.S.I. se deben atribuir, como al que trasplanta el árbol se atribuye la mejor sazón de sus frutos.

Y aunque en esta oferta no podemos menos de renovar la ternura y pena que ocupa a V.S.I. siempre que se le recuerda la falta de este grande Arzobispo; pero al propio tiempo presentaremos a V.S. el lienzo de la edificante vida de su Ilmo. Prelado, retratada al natural, y con la viveza más expresiva por el diestro delicado pincel del Orador en ese lienzo. En el mismo hallará V.S.I bien justificado su sentimiento; y á mejor luz descubrirá victoriosa la razón de cristiana conformidad en la pérdida; divisará entre sombras de una piadosa creencia los crecidos intereses, que en el tránsito de esta vida a la otra supo adquirirse el Ilmo. Rajoy con el favor del cielo. La pena, que a nosotros nos aflige, como a familiares, parientes obligados y agradecidos a tan buen amo y señor, se resiste a nuestro tal cual conocimiento, no porque amemos más que V.S.I. al Difunto prelado, sino porque es mas nuestro apego; y aunque no podremos superar nuestro dolor, procuraremos enflaquecerle, entreteniéndonos en su fiel retrato que presenta esta fúnebre oración, figurándonos que vive en él para nuestro dulce consuelo. Si merecemos a la benignidad de V.S.I. el que acepte esta oferta, y el que salga al público bajo la protección y auspicios de V.S.I. Ilmo. Señor, sus más rendidos capellanes, lo familiares y parientes del Ilmo. Difunto naturales de Puente de Eume.

Matriz Apostólica, insigne metrópoli, Ilmo. Circo: no pienso yo en éste dia acomodarme a aquel lenguaje, con que el amor y el interés forman sus quejas a la muerte. La llaman cruel; porque da batalla sangrienta a una inocente vida. La acusan de inexorable; porque, desatenta a todo ruego, deshoja en un vistoso árbol toda la flor de los deseos. No falta quien la juzgue rebelde y atrevida; por elevarse sobre el dosel a celebrar con triunfo cruel la caída de los príncipes. ¿Pero qué ha hecho la muerte, que merezca ser mirada como feroz enemigo? Ella no puede eximir de la jurisdicción de su acero a cuantos se le sujetaron por el primer delito; y en el triste suceso, que lloramos, aun le debemos estimar, el que con su lentitud en descargar el golpe, nos ha hecho menos dolorosa la herida. La muerte por sí mismas publica, que es el peñasco o escollo donde se quiebran las hinchadas las del poder humano: aquí es donde la celebrada literatura, la engreída nobleza, la merced entronizada, la privanza desvanecida, y la presumida hermosura están confesando ser nada. Ella en una lección, que el mes pasado ha dado de lo caduco de las grandezas terrenas fecunda

muestra de desengaños; y desde estos magníficos, pero fúnebres despojos, presenta las instrucciones más importantes de moralidad cristiana. No pienso, pues, quejarme de la muerte ni tampoco pretendo, Matriz Apostólica, agravar tu justo dolor y excitar nuevamente tu ternura. A este fin el dolor que me traspasa en tu gran perdida, sin duda me prestaría vivos sentimientos, expresiones enérgicas, pensamientos tiernos, en suma (*dolor ipse dissertum faceret*). Mi misma pena me haría elocuente en un discurso mal dispuesto e interrumpido: si; pero animado y patético también. A lo menos no podríais reconvenirme con el apotegma de aquél corazón de yelo a un Orador florido: (*Si vis me flere, dolendum es primun ipsi tibi*).

